



DECRETO

Expte.: 2021/EGFAB/000077. Concesión de subvención nominativa aos Centros de Ensino.

Antecedentes

I.- No artigo 28.8 das Bases de Execución do Orzamento para 2021 prevese a concesión das seguintes subvencións nominativas aos Centros de Ensino:

Partida	Beneficiario	Importe (€)
82.3260.48905	CEIP Isidro Parga Pondal	10.320,00
82.3260.48905	CEIP Rabadeira	10.220,00
82.3260.48905	CEIP Valle-Inclán	11.780,00
82.3260.48905	CEIP Luis Seoane	9.120,00
82.3260.48905	CEIP Oleiros-Juana De Vega	9.060,00
82.3260.48905	IES María Casares	11.920,00
82.3260.48905	IES Miraflores	10.420,00
82.3260.48905	IES Neira Vilas	8.000,00
TOTAL		80.840,00

Estas cantidades responden aos seguintes criterios:

- Por cada unidade de educación infantil: 250 euros.
- En función do nº de alumnos do centro: 20 euros por alumno.
- En función do nº de participantes na Viaxe obrigatoria do alumnado do Bachibac: 70 euros por alumno.

II.- Comunicada dita previsión aos Centros educativos públicos de Oleiros, presentaron as seguintes solicitudes:

NIF	CENTRO	Data solicitude	Rx. Entrada	Importe solicitado
Q655512J	CEIP ISIDRO PARGA PONDAL	16/04/2021	2021006283	10.320,00
Q6555067E	CEIP RABADEIRA	20/04/2021	2021006483	10.220,00
Q6555750F	CEIP VALLE-INCLÁN	16/04/2021	2021006228	11.780,00
Q1555001E	CEIP LUIS SEOANE	16/04/2021	2021006254	9.120,00
S1500117E	CEIP OLEIROS-JUANA DE VEGA	15/04/2021	2021006150	9.060,00
Q6555854F	IES MARÍA CASARES	20/04/2021	2021006454	11.920,00
Q1500255C	IES MIRAFLORES	20/04/2021	2021006485	10.420,00
Q5355191G	IES NEIRA VILAS	15/04/2021	2021006184	8.000,00

III.- A Concelleira delegada de Ensino e Xuventude emitíu providencia de incoación do expediente o día 18/05/2021, na que se orde que pola Unidade Xurídica se efectúen as comprobacións de que tódalas entidades están ao corrente nas súas obrigas coa AEAT, ATRIGA, TGSS e Concello de Oleiros, e que se emita informe xurídico relativo ao procedemento e ao contido necesario do



acordo de concesión; e posteriormente polo Pedagogo Municipal se efectúe o informe-proposta no que se detallan as condicións da concesión.

IV.- A Asesora xurídica da área emitíu informe en data 19/05/2021 e o Pedagogo Municipal formulou a súa proposta o 20/05/2021.

V.- O expediente foi informado pola Intervención Municipal en data 21/05/2021.

Fundamentos

1º.- Todas as entidades solicitantes aportaron a seguinte documentación:

- Solicitud.
- Declaración relativa a outras subvencións.
- Acreditación da conta bancaria.
- Declaración acreditativa dos seguintes extremos:
 - ✗ non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade
 - ✗ estar ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como co Concello de Oleiros, e que autoriza ao Concello para solicitar de oficio as consultas de atoparse ao día nas mesmas
 - ✗ cumprir co artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor.
 - ✗ Nº de alumnos matriculados, unidades de educación infantil e alumnos da viaxe obrigatoria de Bachibac (no seu caso).

2º.- Todos eles atópanse ao corrente nas súas obrigas tributarias coa AEAT, ATRIGA, Seguridade Social, e Concello de Oleiros.

3º.- Os datos que operan como base do cálculo dos importes son os seguintes:

CENTRO	Nº ALUMNOS	UNIDADES INFANTIL	Nº ESTIMADO VIAXE BACHIBAC
CEIP ISIDRO PARGA PONDAL	441	6	0
CEIP RABADEIRA	436	6	0
CEIP VALLE-INCLÁN	514	6	0
CEIP LUIS SEOANE	381	6	0
CEIP OLEIROS-JUANA DE VEGA	378	6	0
IES MARÍA CASARES	596	0	0
IES MIRAFLORES	521	0	0
IES NEIRA VILAS	330	0	20

4º.- Segundo o artigo 28.3 das Bases de execución do Orzamento, o órgano competente para a súa adxudicación será a alcaldía, sen prexuízo das delegacións que poida aprobar.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Autorizar un gasto de 80.840,00 euros en concepto de subvención nominativa aos Centros de ensino públicos de Oleiros.





Segundo.- Conceder aos centros de ensino públicos de Oleiros as subvencións nominativas previstas no orzamento Municipal que se detallan máis abaixo.

Terceiro.- De acordo co establecido no artigo 65.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, as condicións da concesión serán as seguintes:

1.- Obxecto: Axuda aos centros educativos para a realización de actividades educativas complementarias e adquisición de material didáctico de carácter funxible.

A subvención destinarase aos seguintes fins, que se realicen entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021:

- a) Actividades diversas de carácter educativo, cultural e deportivo
- b) Eventos e celebracións conmemorativas
- c) Adquisición de materiais didácticos de carácter funxible

Serán gastos subvencionables (para os fins a) e b) anteriores) os seguintes:

- Gastos de materiais funxibles necesarios para a realización das actividades.
- Aluguer de elementos precisos para a realización das actividades
- Contratacións de persoal externo para o desenvolvemento das actividades.
- Axudas de custo de profesores acompañantes.
- Seguros de accidentes das actividades e de responsabilidade civil.
- Transportes.
- Outros gastos similares aplicados directamente á organización ou execución das actividades.

2.- Importe: As cantidades a conceder serán as seguintes:

NIF	CENTRO	IMPORTE
Q6555512J	CEIP ISIDRO PARGA PONDAL	10.320,00
Q6555067E	CEIP RABADEIRA	10.220,00
Q6555750F	CEIP VALLE-INCLÁN	11.780,00
Q1555001E	CEIP LUIS SEOANE	9.120,00
S1500117E	CEIP OLEIROS-JUANA DE VEGA	9.060,00
Q6555854F	IES MARÍA CASARES	11.920,00
Q1500255C	IES MIRAFLORES	10.420,00
Q5355191G	IES NEIRA VILAS	8.000,00
	TOTAL	80.840,00

Coefficiente de financiamento: 100%.

O importe da axuda non poderá exceder de tal contía que, illada ou conxuntamente con outras subvencións ou auxilios que perciba o beneficiario doutras entidades tanto públicas como privadas, exceda do importe do gasto realizado. En caso de que isto ocorrese, o Concello podería minorar a subvención concedida nun importe equivalente a dito exceso.



3.- Aplicación orzamentaria: 82.3260.48905 “*Ensino.Serv.complem. Transf.ctes.APAS e colexios*”

4.-Compatibilidade: Esta axuda é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

5.-Publicidade: A concesión da subvención deberá publicarse na páxina web das entidades beneficiarias. Asemade, o Concello procederá á súa publicación a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

6.- Pago: Efectuarase o pagamento anticipado do 100% da subvención concedida, efectuando unha retención do 40% do importe en concepto de garantía ata que sexa aprobada a xustificación que se especifica a continuación, despois do cal a garantía retida será liberada e aboada ao beneficiario.

7.- Xustificación:

7.1. O prazo de xustificación dos gastos realizados rematará o día 28 de febreiro de 2022, e deberá presentarse a través do rexistro electrónico.

7.2. O orzamento subvencionado a xustificar será o importe total da subvención concedida. No caso de ter outras subvencións ou ingresos concorrentes coa do Concello para o mesmo obxecto, o orzamento subvencionado a xustificar será a suma de todos os ingresos obtidos para os conceptos subvencionados.

7.3. Considerarase gasto realizado, de acordo co artigo 31.2 da Lei Xeral de Subvencións, o efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado nas presentes bases. Polo tanto deberá acreditarse que se trata de gastos xa realizados e aboados.

7.4. No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de que teña xustifico o cumprimento das condicións da subvención, advertirase á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento se no prazo dun mes non xustifica ter regularizada a súa situación tributaria ou social, e declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

7.5. A xustificación realizarase mediante unha conta xustificativa que constará dos seguintes documentos:

- a) Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e os resultados obtidos.
- b) Memoria económica, xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do proveedor ou acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, a data de pago.
 - ✓ Facturas orixinais ou copias compulsadas xustificativas dos gastos realizados e o xustificante de telos aboados. Ditos documentos poderán vir cotexados polo funcionario do centro que teña atribuída a facultade de compulsa. Todos os





documentos deberán ter data do ano 2021.

O pagamento dos gastos alegados xustificárase do seguinte xeito:

- i. No caso do pagamentos mediante transferencia bancaria: xustificante bancario.
 - ii. No caso de pagamentos por cheque nominativo: copia do cheque e extracto bancario onde conste o seu cargo na conta da entidade.
 - iii. No caso de pagos con tarxeta de crédito, resguardo do pago máis extracto da conta da entidade onde se efectuara o cargo.
 - iv. Nos supostos de que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente citados só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00 € (IVE incluído), e deberá constar na propia factura ou documento equivalente que foi pagado.
- c) Declaración doutras axudas concedidas por outras entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.
- d) Declaración dos ingresos xerados polas propias actividades subvencionadas, no seu caso.
- e) Acreditación da publicidade realizada.

7.6. Transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requerimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional suporá a renuncia á subvención outorgada, así como a esixencia do reintegro e demais responsabilidades dispostas na Lei Xeral de Subvencións.

7.7. En caso de que o importe da xustificación presentada non acade o 100 por cento da cantidade concedida, efectuarase de oficio unha minoración da cantidade final a aboar, na resolución que ordee o pagamento.

Cuarto.- Que se proceda ao pagamento da cantidade concedida nos terminos especificados no parágrafo 6 do punto *Segundo*, retendo o 40% en concepto de garantía, cos importes que se detallan a continuación:

NIF	CENTRO	IMPORTE CONCEDIDO	Retención garantía 40%	Importe efectivo a aboar (60%)
Q6555512J	CEIP ISIDRO PARGA PONDAL	10.320,00	4.128,00	6.192,00
Q6555067E	CEIP RABADEIRA	10.220,00	4.088,00	6.132,00
Q6555750F	CEIP VALLE-INCLÁN	11.780,00	4.712,00	7.068,00
Q1555001E	CEIP LUIS SEOANE	9.120,00	3.648,00	5.472,00
S1500117E	CEIP OLEIROS-JUANA DE VEGA	9.060,00	3.624,00	5.436,00
Q6555854F	IES MARÍA CASARES	11.920,00	4.768,00	7.152,00
Q1500255C	IES MIRAFLORES	10.420,00	4.168,00	6.252,00
Q5355191G	IES NEIRA VILAS	8.000,00	3.200,00	4.800,00
	TOTAL	80.840,00	32.336,00	48.504,00

Quinto.- Que se notifique debidamente ás entidades interesadas, advertíndolles que contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso



potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

